Hypochaeris radicata L., 1753

- paciporca, leituga dos porcos
- hierba de halcón
- mendiko zain belarra, zain belarra
- herba plana, coleta, herba del falcó, peluda
- common cat's ear
- almeirão do campo, orelha de gato



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Asterales**	**Asteraceae**	***Hypochaeris***

ORIXE

Europa, norte de África e oeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Planta perenne, con escapos de ata 100 cm, engrosados baixo os capítulos. Follas de ata 25 cm, oblongas a oblogo-lanceoladas, pilosas. Capítulos de 20-30 mm de diámetro, con 25-35 brácteas involucrais de ata 25 mm, as internas máis do dobre das medias. Flores liguladas, amarelas, máis longas có invólucro. Aquenios de 8-17 mm con bico longo, ou ás veces os externos de 5 mm, con pouco bico.

HÁBITAT

Lugares perturbados e praderías, especialmente en climas temperados e subtropicais de todo o mundo, incluíndo beiras de camiños, céspedes, terreos baldíos e campos de cultivo. Prefire solos ben drenados e pode tolerar tanto o pleno sol como a sombra parcial.

DISTRIBUCIÓN

Europa, África, oeste de Asia, América, Australia e Nova Zelandia.

CURIOSIDADES

Ao igual que o dente de león verdadeiro, tódalas partes da planta exsudan unha saiba leitosa (látex) cando se cortan ou rompen.